



XOVES, 12 DE MARZO

Primeiro XUÍZO CONTRA AS SANCIONES de 45 días sen soldo

O próximo xoves, 12 de marzo, terá lugar o xuízo contra a sanción de 45 días sen soldo a Juan Torres, un dos sancionados polos presuntos incidentes acontecidos no Distrito "C" de Madrid e o día 26 deste mesmo mes terá lugar o de Miguel, Roberto e Juan Maroto.

Por outra parte segue pendente de sentenza o recurso interposto por Álvaro e Porfirio contra a sentenza que considerou os seus despedimentos como procedentes dun xeito totalmente incomprendible. A data de hoxe estes compañeiros xa levan máis de 8 meses (desde agosto) na rúa e sen cobrar os seus salarios. O despedimento de Teresa foi declarado improcedente e tiveron que readmitila, pero a empresa recorreu esa sentenza polo que o futuro desta traballadora segue tamén pendente dos Tribunais.

Hai que lembrar que estes compañeiros foron despedidos ou sancionados por defender os dereitos de TODOS E TODAS AS TRABALLADORAS durante a negociación colectiva, polo que TODAS E TODOS temos o deber de pelexar para que sexan readmitidos os despedidos e para que se anulen TODAS as sancións.

A empresa non está disposta a dar un só paso para buscar unha solución xusta e negociada a esta problemática, como o demostra que @s "responsables" de Recursos Humanos nin sequera se dignasen a contestar as peticións de reunión que se lles fixeron repetidamente tanto de forma oral como por escrito.

Somos, polo tanto, os e as traballadoras os que lle temos que esixir á empresa que anule todas as sancións e o xoves día 12 terán unha oportunidade de facelo.

Aproveitando a realización do xuízo delegados e delegadas dos sindicatos da Coordinadora de Burgos desprazáronos a Madrid para transmitirle a Juan e ao resto de sancionados e sancionada o noso ánimo e a nosa solidariedade.

Porfirio e Álvaro READMISIÓN

Solidariedade e compromiso

ANULACIÓN de todas as sancións

Non os podemos deixar sós